CADERNOS DE ESTUDOS XERAIS
n.º 20 - maio 2021

Xela Arias: Liberdade, subversión, innovación

edición ao coidado de HENRIQUE RABUÑAL

A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

Portada da primaveradasletras.gal (2021), da Real Academia Galega

O agradecemento da Asociación Cultural "Irmáns Suárez Picallo" ás autoras e aos autores que cos seus textos e ilustracións colaboran neste Caderno. E a Henrique Rabuñal tamén o noso recoñecemento pola súa coordinación.

A edición deste Caderno está sufragada pola Concellería de Cultura do Concello de Sada

Foto da portada: Xulio Gil

Edita: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo
correo: comisionsuarezpicallo@gmail.com
web: htpp://areal.gal

Maquetación e impresión:
LUGAMI Artes Gráficas (Betanzos)

Sada - Maio, 2021

D. L. C 814-2014

Tiraxe: 800 exemplares

ÍNDICE

PRESENTACIÓN
HENRIQUE RABUÑAL.....3

XELA ARIAS: ESPIRAL CONTINUA DE NÓS
RAMÓN NICOLÁS.....5-7

FIRMEZA: O FIRME NON ESTÁ FIRME
CARMEN BLANCO.....9-12

«UN SÉCULO, UN DÍA, UN MINUTO, UN NADA».
A PRIMEIRA PÁXINA POÉTICA DE XELA ARIAS
MANUEL BRAGADO 13-17

A AMBICIÓN PRECIOSA. TIGRES COMA CABALOS
ANA ROMANÍ.....18-20

XELA CONTRA A BURLA NEGRA
XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO.....21-23

MÁCULA BRANCA
YOLANDA CASTAÑO 24

A POESÍA Á INTEMPERIE
MARÍA XESÚS NOGUEIRA PEREIRA.....25-27

XELA ARIAS, O ROCK E O INSTITUTO CASTELAO
MARILAR ALEIXANDRE.....28-31

DARÍO A DIARIO. «ERAS TI EN MIN»
HENRIQUE RABUÑAL.....32-34

XELA ARIAS, TRADUTORA
ALBERTO ÁLVAREZ LUGRÍS, ANA LUNA ALONSO,
MARÍA REIMÓNDEZ MEILÁN.....35-37

8 DE AGOSTO DE 2003
ANTÍA OTERO 38-39

Xela Arias retratada por Xosé Guillermo

Presentación

HENRIQUE RABUÑAL

As publicacións que promove a A. C. Irmáns Suárez Picallo son unha auténtica regalía e constitúen xa unha referencia na cultura galega actual. Sada é, entre tantas cousas, Emilia Pardo Bazán, Lugrís Freire, Francisco Varela Posse, Ramón Suárez Picallo, José Monzó Ríos, Xoán Antón Suárez Picallo, Díaz Pardo e Carmen Arias de Castro "Mimina", Luísa Villalta e Carlos Babío e Manuel Pérez Lorenzo cuxa obra *Meirás: un pazo, un caudillo, un espolio* había agradar tanto a Xela.

Hoxe sumamos aos seus *Cadernos de Estudos Xerais*, na liña dos dedicados a Díaz Castro (2014), Manuel María (2016), Fraguas (2019) e Carvalho Calero (2020), unha homenaxe a Xela Arias (1962-2003), nai, poeta, narradora, tradutora, editora, profesora, feminista e activista. E facémolo da man e coa palabra dun grupo de persoas que coñecen os devalos da súa personalidade e que a retratran con rigor e corazón desde diversas perspectivas.

Aproveitamos as palabras de Ana Romaní para titular esta obra que pretende contribuír a un mellor coñecemento de Xela e sumarnos con entusiasmo aos múltiples recoñecementos que tan merecidamente se lle están a tributar. A confianza depositada en nós pola entidade editora verase recompensada con estes textos magníficos que son unha porta aberta ao universo complexo e vibrante de Xela.

Queremos agradecer á familia Arias Castaño, a Lois en particular, a Xulio Gil e a Edicións Xerais na persoa de Celia Torres Bouzas que nos permitisen a reprodución dalgunhas fotografías. E a Ramón Nicolás e Manuel Bragado polas ilustracións achegadas. E desexar moita ventura aos proxectos da A. C. Irmáns Suárez Picallo de Sada.

14 de abril de 2021



Xela Arias cos seus pais na Granxa Escola de Barreiros

Xela Arias: espiral continua de nós

RAMÓN NICOLÁS

Formúlame unha encomenda o profesor e amigo Henrique Rabuñal, coordinador deste caderno, que moito me prace como é o de compor unha breve peza que teña un carácter introdutorio aos contidos desta publicación. Práceme, si, porque coido que a decisión de lle dedicar o Día das Letras Galegas a Xela Arias pode, e debe, supor unha xusta revisión da claves que percorren a súa obra literaria á luz de novas interpretacións e, dalgún xeito, posibilitará coñecer tamén, se cadra con outra perspectiva, as claves dun tempo recente no que cómpre afondar porque iluminará boa parte da estética, e da ética, que Xela Arias abrazou.

Estes suxestivos e documentados Cadernos da A. C. Irmáns Súarez Picallo bríndanme a oportunidade, así pois, de me referir a Xela Arias como escritora, e así farei, mais tampouco quero deixar pasar a oportunidade de manifestar o incomodo e desasosego que me produce a decisión da RAG de postergar a figura de Carvalho Calero a un ano no que a pandemia e o confinamento ocupou as nosas vidas e que, por extensión, supuxo que a dimensión divulgativa que a festividade literaria arrastra se vira fanada ao non estenderse, como coido sería natural nunha circunstancia tan extraordinaria e inesperada, ao presente 2021. A decisión, como non, tamén afecta e afectará ao desenvolvemento dos recoñecementos e das investigacións que arredor de Xela Arias iremos aplaudindo, sobre todo cando –lamentablemente– semella que ir máis alá da data do 17 de maio supón un esforzo inútil. O Día das Letras é o 17 de maio mais a extensión deste recoñecemento literario ocupa, ou debería ocupar, todo o ano. Estou certo que non serei eu só a única persoa que persevere na intención de que neste 2021, ata o seu final, se festexe, homenaxee e evoque a Xela Arias como xustamente merece.

Dito isto, nestas liñas que me honro en situar como pórtico doutras voces especializadas que repararán con pertinencia en diversos aspectos que suscita

a obra e, diría máis, o seu labor cultural, da escritora viguesa de adopción. Digo isto porque o labor creativo non se limita, o que xa sería relevante, á obra que encerra no iniciático ***Denuncia do equilibrio*** (1986), as páxinas do seu, igualmente innovador, ***Tigres coma cabalos*** (1990), a transgresora interiorización da vivencia maternal en ***Darío a diario*** (1996) ou aqueles que agrupou baixo o título de ***Intempériome*** (2003): talvez o libro onde repousa a súa palabra máis heterodoxa e iconoclasta. De nos limitar á análise dunha estética particular e independente –allea, paréceme, moi allea aos camiños tripados polas voces dos poetas dos oitenta– obteriamos uns méritos que están máis que xustificados como testemuño dunha voz sólida e transgresora: unha palabra, a súa, espellada nunha produción creativa viva e intensa, innovadora e descarnada.

Pero, como dicía, hai máis: a súa dimensión cultural vai máis alá da poesía como agardo este ano, nas preceptivas biografías e estudos que irán vendo a luz, se deixe moi explícito. Alguén que decide incorporarse, sendo moi nova, ao proxecto que simbolizaba no ano 1980 Edicións Xerais de Galicia é unha mostra dunha actitude que revela moitas cousas: entre elas a ansia de independencia persoal mais tamén o feito de impulsar a normalidade da industria editorial entre nós: un aspecto que cumpriría abordar, isto é, cal foi o labor que desenvolveu na editorial viguesa, como este dialogou coa creación dunha obra propia, por exemplo. Hai tamén moitos máis elementos a analizar no seu perfil como é a consciente escolla da docencia como ocupación profesional que exerceu durante os seus últimos días en diferentes centros de educación secundaria e onde deixou mostra da súa vocación, da súa defensa de valores como a transversalidade –dou fe desta realidade por proximidade e moitas conversas– e, indo máis alá, de entender a docencia como ferramenta, posible, para transformar o mundo.

Aínda, como é sabido, hai máis. En Xela Arias faise preciso poñer o foco tanto no seu excelente labor como tradutora onde verteu, entre outras obras, á nosa lingua pezas literarias de Gianni Rodari, Jorge Amado, Roald Dahl, James Joyce, James Fenimore Cooper, Bram Stoker, Angela Carter, Baudelaire ou Jean Rhys. Cómpre ver, analizar e herborizar o seu papel neste eido antes, como agora, tan preciso para acadar unha verdadeira normalización cultural.

Non será de estrañar que tamén se vaia atender á súa presenza, máis ocasional pero relevante, como narradora; o seu papel como letrista do grupo musical "Los Desertores" e, incidirase sen dúbida no seu compromiso e implicación irrenunciable coa nosa lingua, a carón da pegada que deixou en moitos movementos cívicos e feministas nos que sempre estivo en primeira liña. Velaí como Xela Arias é parte do noso patrimonio literario e cultural máis recente e, como tal, ha reivindicarse por ela mesma.

Nun espazo destacado conservo unha lámina serigrafada da autoría de Lázaro Enríquez que contén un poema póstumo de Xela Arias que comeza «podo chamarlle nación, terra, paisaxe humana...» e que se publicou no libro *X espazo para un signo*, co que Xerais celebraba os vinte e cinco primeiros anos de existencia cunha proposta poética arredor do grafema x. O poema de Xela Arias remata:

E así,
so forma de grafema simbolizas
incógnita e unión,
nación e marxe.
Así, así quero a espiral continua,
sinuosa, delicada e interminable.
Ou rosa dos ventos sen norte. Obrigado.

Que ben define aquí, Xela Arias, tantas cousas. Obrigado, Xela, polo que fixeches e deixaches. Obrigado.

Vigo, 16 de febreiro de 2021

RAMÓN NICOLÁS: Profesor, escritor, tradutor e crítico literario. Dirixe a colección Biblioteca das Letras Galegas de Xerais e escribe no blog literario Caderno da crítica.



Poema de Xela Arias caligrafado por Lázaro Enríquez

Firmeza: O firme non está firme

CARMEN BLANCO

Conducía eu o coche por autovía de cidade a capital en viaxe de ida e volta con amor en min e amor de piloto guiando pensando mil cousas e que tiña que baixar os libros de Xela Arias da biblioteca galega das mulleres do faiado da casa e ler *Denuncia do equilibrio.* O título da novela coas primeiras palabras do ensaio facíase e escribíase así *Firmeza o firme non está firme* mentres conducía na música do movemento do amor na estrada. *Firmeza flexible*. Profunda revolución interior nas viaxes da vida. *Firmeza infinita móbil motor amor*.

De volta das viaxes lin no leito de amor deitada mañá de domingo a cegas o libro deseñando sen regra con lapis de dúas puntas con cor azul a memoria dos felices vinte do XXI mentres percorría coa mirada as páxinas e os versos cos trazos do lapis gris da memoria dos felices oitenta do XX feitos con regra.

E pasada plenitude de mañá de domingo agora escribo afirmándome no norte da firmeza das verdades do amor e da liberdade da profunda revolución humana. Só o amor e a liberdade identificados vencen a morte. Collo con amor nas mans do amor o libro. Ábroo. *Amo leo e escribo*. Conto. En día pasado lera sentada na cidade do meu nacemento nun banco ao sol o limiar de Olga Novo "O poema somos nós" da edición de *Denuncia do equilibrio* con faixa LETRAS GALEGAS 2021 mercada días había, sen ler os versos no conxunto desta recente *Denuncia do equilibrio*. Recordo. No escritorio ante a pantalla co documento en branco collo este libro agora e miro se mantén as citas explícitas. Sigo sentada na cadeira ante o branco con esforzo pola esperanza do mellor.

Volvo ao libro de lectura de 1986 con referencias de citas finais de F. Novalis, R. M. Rilke e A. Rimbaud de Vigo 1984 e con cita de apertura de Juan Eduardo Cirlot. Escribo. Mantéñome nos amores compartidos a poetas moi amados. Mantéñome nos profundos misterios das artes do amor. *Bronwyn,*

/ si no puedo ser tú, si no podemos / ser ángel, / ¿por que la niebla es gris sobre el mar gris? Penso na beleza imaxinada e real, as belezas múltiples do cine, da literatura, do mito, da néboa, do mar, das cores. Conduzo firme o meu norte polo asfalto gris seguindo a frecha do amor. Sol sempre está. Déixome ir polo fulgurante gris chumbo forte do ceo arriba e abaixo as flores fortes amarelo limón. Tecleo con mente e dedos. *Que chova e que trone fóra e dentro amor a vida*. Levanto da cadeira. Como. Escribo na mente móbil pasando á tarde. Dicir todo ao tempo. Fusionar as contradicións. Feitos sen explicacións. Surrealismo non precisa explicación. Ten razóns fondas. Amor tampouco. Amor fai. Amor libre. Non obrigatorio. Saber e sentir avanzados coñecen. Son segredos vivos. Quen proba sabe. Xeo polar. Ardente branco. Azul claro. Azul noite negra branca ardendo. Lume xeado. Alén. Mesmo. Mesmo contra ti mesma. Máis alá do máis acá mirando. ¡¡Amantes valentes!! Amantes valentes libres. Deixade libres en paz amantes e amor. É xusto. É dereito a amar. ¡¡Cidade da civilización da alegría!!

Amor e xustiza cegos para o que non importa saben e senten o que importa e o importante. *Libre independencia persoal en libre interdependencia amorosa*.

Mantéñome no amor compartido na liña poética de vangarda máis alá espida da superficialidade das imposicións das modas literarias políticas. Poética erótica política de transformación amorosa. Corpos incandescentes con mentes lúcidas. Reais estando. Con memoria da experiencia certa humana. Alma crenza non sei que sexa nin estea.

Non estou coa transgresión pola transgresión sen sentidos profundos. Estou coa liberación de sentidos profundos. Non coa impostura "rock sexo drogas" dos poderes. Non. Si cos praceres profundos. Si. Comprendo pero non comparto a transgresión superficial. Non me escandalizo. Violación non é "liberación". Quero quererte non como unha máquina e quero que non nos venzan as máquinas sen sentido.

Quero facer máis memoria amorosa de presente e futuro mellores recordando a harmonía do deseño de Xosé Guillermo e dos versos de Xela Arias no libro de 1986, raias horizontais verticais inclinadas, letras desequilibradas

Ilustración de Xosé Guillermo para *Denuncia do equilibrio* (Xerais, 1986)

no título; a presenza de tempos e espazos, da cidade, das cidades, Bos Aires, Nova York, do mar, do deserto, da hora, das horas, minutos, días, noites, semanas, pasado, futuro; xogos de rica retórica poética fónica léxica, lingua violencia loita guerra; correntes de conciencia; os soños e os desexos da nena inocente sen pai filla dos mellores desexos seus máis libres e dos mellores desexos das nais e dos pais máis libres, lecciónes de liberdade, apátridas, exilio, regreso, diálogo querido querida; corpo ansiado, brazos, mans, dedos; palabras, silencios, berros; linguas antigas; natureza fauna flora; amor e morte, *erros do corazón, un escándalo –matar– lúcido –amar*; escaleiras, máquinas, prisións, espellos, reloxos, fume, cafés, prestixio, honor; mulleres verba; eguas e cabalos; tigre e flor; paixón e agasallo auga mel de ben vivir.

Denuncia do equilibrio (1986) de Xela Arias con "NOCTURNIDADE" *denuncia–lo equilibrio das estancias* e con "OS OLLOS BEN PECHADOS" afírmase *eu / pártomo pártome / e mirando / denúnciome asasina de equilibrios.*

Recollo estes dous fragmentos do poema que comeza "E SI –AGORA TEÑO náuseas de falar", *os ritmos xenerosos –xenerosos / amor–*, *É difícil –si– é difícil que se entenda.* Entendo. Enténdote. Con paixón elixo a firmeza difícil. Sólido alimento amor. Amor firme flexible fronte á morte. Amor sen morte. Verdade fasta e adorada da alegría dos praceres profundos. Non á dor. Non á violencia. Non ao suicidio. Non á crueldade. Non á frustración ao inferno ao naufraxio. *Apostada no amor e andar só*, din os versos que comezan "FALAMOS ANTIGAS LINGUAS coma carnes afiadas".

Quen ama amando está na poética amatoria. Amatoria ética. Alén do moralismo da moral. *Valor / Amor*, di en fragmento *Denuncia do equilibrio*, e nas últimas palabras do libro queda escrita praia cidade delirio poema: E NA ÚLTIMA PARADA INCENDIARÁ Ó DERROCHE / NÓS, e as palabras esto que aquí queda. Sabémolo. Verdade amor vida innova sempre, digo eu agora máis alá do escrito. Firmeza flexible de amantes valentes.

Xela fotografada por Avelino Pousa Antelo na Granxa Escola de Barreiros

CARMEN BLANCO: Escritora, ensaísta, tradutora, ilustradora e profesora na USC. Abordou os temas do poder, a muller, sexo, memoria, lugar, cultura e literatura. Estudosa da obra de Xela Arias.

«Un século, un día, un minuto, un nada» A primeira páxina poética de Xela Arias

MANUEL BRAGADO

Antes da publicación en *Dorna 3* (1982) de «Vin... / ... unha árbore no canto dunha lúa preñada de soños...», o que se vén considerando como o primeiro poema de Xela Arias, nas páxinas do número 178 d' *A Nosa Terra*, correspondente á semana do 26 de febreiro ao 4 de marzo, na sección «Guieiro» (de creación poética e narrativa) apareceu unha páxina completa que baixo o título «Un século, un día, un minuto, un nada» está asinada por Xela (poemas) e Xosé Guillermo (debuxos). Polo que coñecemos esta pode ser considerada como a primeira páxina poética de Xela Arias, publicada xusto o día que celebraba vinte anos. Un traballo que inicia tamén a fecunda colaboración artística ao longo dunha década entre a xove poeta e o pintor Xosé Guillermo (1947-2009), o creador do concepto «artenauta» e inventor da Fundición Nautilus (1993) desde a que promoveu espectáculos aéreos e terrestres de grandes dimensións.

Unha colaboración froito da súa amizade e do seu encontro creativo en 1980 nos locais de Xerais onde Xela Arias traballaba como oficinista e correctora e Xosé Guillermo frecuentaba como deseñador das primeiras portadas da editorial da colección Montes e Fontes (*Crónica de nós* de X. L. Méndez Ferrín e *A fuxida* de Xosé Manuel Martínez Oca) e das ilustración dalgúns libros de texto ou de carácter didáctico (*Cantigas galegas. Flauta, gaita e canto* de Xosé Luís Fernández Castro). Unha colaboración continuada no debut de Xela Arias en «Faro de Vigo», o 4 de xuño de 1983, na que baixo a epígrafe de «Creación» e o título «Un feixe de versos novos», Xela Arias publicou catro dos seus poemas, acompañados dun comentario entusiasta do poeta Carlos Oroza e por un retrato a pastel extraordinario, que formaría parte dos corenta

que expoñería dous anos despois na Casa da Cultura de Vigo. Colaboración que se estendería a outras publicacións como o fanzine *Katarsis*, promovido polos irmáns Paco e Víctor Tizón, onde Xela Arias publicaría no seu número 3 o poema «Érgome» (1984) e no número 5 «Os ollos ben pechados» (1985), ilustrado a pluma por Xosé Guillermo. Conexión artística brutal que condensada na edición de *Denuncia do equilibrio* (1986), o primeiro libro de Arias que ilustraría, portada incluída, Xosé Guillermo coa técnica da colaxe, tan característica das publicacións literarias daquel momento.

Un encontro creativo que Xela Arias lembraría dez anos despois no poema «Epístola. Biografía» que lle dedicou a Xosé Guillermo no primeiro número da *Glu... Glu... Periódico discontinuo* (1993) publicado pola Fundición Nautilus:

> «Eu tiña dezaoito anos e ti a idade de cristo menos un mes.
> Non me deitaba contigo (¿viches como se di dunha muller?).
> Deixara os meus estudios e traballaba, pero entre Novalis
> almorzaba Rimbaud xantaba Verlaine e ceaba Baudelaire
> (Novoneyra ou Ferrín de aperitivo).
> Apareces ti, que dun trazo debuxas figuras enteiras
> mitolóxicos enxeños, que retratas anceios tralos rostros,
> e viaxamos na lancha de Cangas coma quen cruza altánticos
> salvando treboadas, falando moito, creo, non sei de qué,
> e imos beber absenta nunha taberna (para min que só era nome
> invento dos franceses literatos do século pasado, e mira, non),
> ennovelamos narcóticos máis mística poética. Estaba ben. E ti
> pintabas, pintabas. Roubáchesme tres poemas, pintáchelos,
> e vinos nun xornal: ¡tírasme ó mundo!, ¿e agora qué?
> Pintas e pintas e pintas....
>
> [...]

En Xerais (1989) Xosé Manuel García Crego, Celia Torres Bouzas e Xela Arias.
Fotografía de Xoán Vilar Cardona

Impórtame ultimamente un felino vermello esculcando a selva
e unha garza inverosímil a manter distancias;
un paxaro enferruxado ameazador e vixiante
e unha cuadrícula de cores que navego sen buxola.
Cousas así, as que me importan.
Sei que préme–lo temón dun nautilus acorazado
disposta ás vintemil e mais sempre á contra pola cidade–
Eu agora, o XIX no seu sitio, fago lume noutras cociñas,
constrúo noventas que me encantan....

Este encontro artístico, entre a poeta e o pintor, entre o poema e a obra plástica, sería o primeiro achegamento artístico de Xela Arias, que continuaría con outros artistas vigueses como Pedro Sardiña, que ilustrou a páxina ma-

nuscrita por Xela Arias en *Faro de Vigo* o 16 de agosto de 1984, e co fotógrafo Xulio Gil co que compartiría o proxecto de libro e exposición *Tigres coma cabalos* (1990).

Transcrición da primeira páxina poética de Xela Arias

«Un século, un día, un minuto, un nada…»

Soio
Soio
Soio
Morrer morto
Nas rodas do tranvía
Soio
Suicidio
De formigón
Nas entrañas da técnica
Soio
Canto de neve
Desvanecendo ideas
Soio

Chove
Mesto e miudo

As gotas chaman á porta das herbas

Unha anduriña di que ten fame
Un home di que ten presa

Chove
e o tempo vaise mollando.

A luz do sol
entra pola ventana
a esbarar
a rir
é fuxir?

ou será chegar?
Soio sei que dende logo
rir e esbarar.

ti
eu
il
e soio somos un,
neve no firmamento que nos engole
eu
il
ti
e soio somos un,
longo camiño de estrelas
curto tempo–reló de área
il
ti
eu
e soio somos un,
a buscar outro e outro
pra ser un máis grande.

* Xela (poemas) e Xosé Guillermo (debuxos)

MANUEL BRAGADO: Editor, mestre, orientador, escritor e activista cultural. Foi director de Edicións Xerais de Galicia e preside a Fundación Luzes. Colaborador de Faro de Vigo, publica o blog Brétemas.

A ambición preciosa. *Tigres coma cabalos*

ANA ROMANÍ

"Que perder pé é aínda a ambición preciosa"
Xela Arias

Perder pé e atopar acaso o sentido do salto. A ambición preciosa toma en Xela Arias a forma dunha voz disposta a abrir portas, esculcar acentos, tensar as cordas, explorar as rugosidades da vida no poema, co poema, coa voz entregada á pescuda, sen medo. "O camiño dos poetas está en atopar novas vías", afirmou. Ela sabe que a procura reclama expor o corpo todo na vertical do abismo, na intemperie, a mercé dos ventos. Nesa liberdade que funda en cada verso, en cada aceno, en cada texto, desprégase unha poética única. A escritora constrúe ese territorio –"A poesía é o único territorio humano verdadeiramente libre que coñezo"– no rigor, na busca esixente que cruza a súa obra, e esta devén nunha fenda para a subversión. Liberdade, subversión, innovación... son chaves dun universo que en *Tigres coma cabalos* amosa ademais a súa concepción da poesía como apertura, espazo de encontro interartístico.

Hai no proxecto que a poeta Xela Arias e o fotógrafo Xulio Gil presentaron en 1990, a forza da acción poética no desbordamento dos lindes. *Tigres coma cabalos* inclúe 48 imaxes fotográficas en branco e negro e 48 textos. A obra, un libro publicado por Edicións Xerais nese ano e unha exposición que se puido ver en varias cidades ao longo deses meses, concreta un dos formatos nos que a escritora saca os libros dos andeis e a poesía da cadeira de brazos: "Hai que rebotarse contra a concepción do libro coma un cadáver morto nun anaquel" dixo, e tamén: "Hai que deixar que (a poesía) saia á rúa. Quita–la

Imaxe da sesión de fotos de Xulio Gil para *Tigres coma cabalos*.
O libro inclúe unha similar co poema "III. Monólogo adicto"

do sillón de lector". Dese diálogo entre linguaxes xurdiran antes outros proxectos, a súa colaboración coa banda viguesa Desertores para a que escribiu letras e coa que preparou un espectáculo no Festival da Poesia no Condado, e xurdirán despois tamén outros traballos poético–musicais con Alberto Conde, Antón Pulido Cid ou no que traballaba cando faleceu, "Vencerse é cousa de se tratar", con Fernando Abreu. O desbordamento fóra da páxina en *Tigres coma cabalos*, lonxe de condicionar a lectura amplíaa e evidencia como se expande o poema, na súa resonancia, fóra da caixa, da páxina, do verso: "A poesía non é literatura é outra cousa". Acaso salto.

A cita de René Char que abre este volume: "Pertencer ó salto. Non ó festín, o seu epílogo", sitúanos no movemento do que o poético emerxe e se sustenta, a poesía, a vida, é da acción, dese ímpeto. Esa é unha das forzas que nutren a singularísima voz de Xela Arias, exploradora do poema e das súas arestas. En *Tigres coma cabalos* refulxen na noite. O segundo título da escritora é nocturno e urbano, social e plural. A esculca arredor da posesión,

a autoridade e as convencións, mesmo estéticas, acentúan un libro no que a voz segue a ser incendio: "A palabra de lume que arda en tódalas batallas". Esquinas, garitos e bechos poboan os textos cunha dicción sen concesións que indaga nos ocos, da noite, dos dramas internos, do nós, do ti...Cómpre lembrar que no código de Xela Arias "un eu pode ser un ti, un ti pode ser un el, un el pode ser unha crise, un sentimento calquera. Sei que o motor do mundo son as relacións persoais, pero cando digo "non te quero", nalgún caso, o que me interesa dicir é que non quero a represión, a falsidade, a mentira". O desafío pronominal, a sintaxe fracturada, que son trazos definitorios da súa linguaxe, están tamén nestes poemas que acompañan figuras vencidas, desafían as normas, violéntanse na furia dos escualos. Falou a autora da "animalidade e a intuición" que cruzan os versos e do carácter social do proxecto: "Un tipo de ideoloxía, mesmo nalgúns casos social, de resposta á vida e á sociedade que nos tocou vivir", explicou que contén algún poema de amor, varios de desamor e que moitos abordan a "vida social". Con estes apuntamentos talvez tentaba restituír ao seu territorio orixinal un libro que foi máis visto ca lido. A recepción da obra (as fotografías amosan os corpos espidos) xerou un profundo desacougo na poeta. Na mesa sobre Muller e Literatura do Encontro de Escritores Galegos e Portugueses celebrado en 1991 comparte a súa preocupación, cuestiona as causas do "morbo", que relaciona co xénero e a discriminación, e conclúe: "Sendo muller aínda é ben difícil vivir nas nubes".

Tigres coma cabalos resoa felizmente hoxe á luz dos anos, e expresa unha vez máis a liberdade que funda os poemas de Xela Arias, desprendida dos rigores das convencións e das tenaces do contexto. Un "proxecto abrazado, querido e gratificante" en palabras da autora, que evidencia ata que punto a escritura foi un coherente exercicio de autogoberno, un afirmado e constante salto no que a poeta afianzou a súa autonomía, por máis que iso implicase caer das nubes. E é que "perder pé é aínda a ambición preciosa".

ANA ROMANÍ: Poeta, escritora, feminista e xornalista cultural. Numeraria da Real Academia Galega, dirixiu o Diario Cultural da Radio Galega e escribiu a biografía de Xela Arias para o Álbum das Mulleres.

Xela contra a burla negra

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO

O primeiro século do terceiro milenio en terras de Galiza comezou nunha labarada colosal de ira e de entusiasmo. O lume que prendeu na pel da ira foi combustión de petróleo derramado e cacharela furtiva de mentira, fíos de plastilina en estiramento vertical. "Como invade aínda máis, / sen pudor, esta peste", dixo Xela entón. Eu eu: "Duro, de goma, / de hule duro e quente, caucho. / A pel toda das praias é de caucho". Ela berrou así contra o extravío inmoral do goberno do Partido Popular: "A velocidade do vento non é nada / se deciden as pantasmas". E tamén: "Considera a medida do desprezo / cando apalpas moles as rochas que che sentiran os pés". Eu continuei ou respondín ou fixen eco: "e das materias podres da desidia / e do cerne infeccioso da mentira que se propaga en labirinto".

Milleiros de cidadáns organizados en plataforma contra o petróleo, en brigadas contra incendio de incompetencia e falsidade, acendemos a fogueira do entusiasmo político, do soño fraternal de triunfo contra a negrura química e a tebra reaccionaria. Inventamos o planeta Nunca Máis e fixémolo orbitar arredor dun astro magnífico, luz da razón. Invadimos as rúas en corpo unánime, inmenso en número, sabio en capacidade de acción. Asemblea permanente, música algareira e desbordante, axitación creativa, fantástica invención de vellas e novas tecnoloxías contra o vómito de alcatrán, multiplicación de brazos e mans xenerosas a loitar sen descanso contra a desfeita. E dixo Xela entón: "As mans de Lola de Aguiño nos restos acugulados". E fixo estralar a convocatoria da revolta: "Intempériate, fogar dos rumorosos". Eu quixen deixar testemuño da amorosa emoción popular: "multiplícanse espellos, asembleas, / convoca a furia, estoura / un lóstrego de ourizos nas raíces de nunca, / a multitude, cobra, máis alta que as paredes, / maré do pobo a arder".

O anterior diálogo ficticio, presentado a xeito de regueifa, entre versos de Xela Arias e meus que foron escritos, recitados e publicados naquel tempo

En 2014, o Consello da Cultura Galega organizou unha xornada de homenaxe a Xela Arias e Luísa Villalta

de peste e clamor, desde finais de 2002 e ao longo de todo o ano 2003, quere condensar a conversa poética de moitas máis voces, a da xente do mundo da poesía que daquela nos entregamos á escrita de intervención crítica e participamos día a día coa nosa palabra no foro reivindicativo. Poemas de 84 poetas compoñen a antoloxía *Alma de beiramar*, editada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e a editora A Nosa Terra. A compilación titulada *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra,* publicada en colaboración entre Espiral Maior e Xerais, reune textos de 120 autores e autoras. Foi unánime, pois, a resposta da comunidade poética á agresión ecolóxica e política do petróleo, a infamia e a falsidade.

Ademais, a imaxinada interlocución poética entre Xela e eu é prolongación da comunicación frecuente e directa que mantivemos entón como integrantes da plataforma Contra a Burla Negra, fronte de axitación cultural de Nunca Máis, desde onde se nos encargou a ambos a organización en Vigo dun recital que formaría parte do programa dos Concertos Expansivos. Foi un total de 130 actos que se celebraron en toda Galiza o día 1 de febreiro de 2003 ás 22 horas. Unha acción simultánea que incluía maxia, contacontos, instalacións artísticas, performances, malabares, pintura, teatro e poesía. Xela e eu convocamos os poetas da cidade de Vigo a un recital que se celebrou no café De catro a catro, con Manuel Antonio a presidir a revolta, Máis Alá, Nunca Máis. Xela, absolutamente expansiva, entusiasmada, chea de vida. Aquela noite acendimos o facho da ira e do entusiasmo contra a burla negra Vítor Vaqueiro, Román Raña, Gonzalo Navaza, María Xosé Queizán, Alfonso Álvarez Cáccamo, Manuel Forcadela, Marta Dacosta, Anxo Angueira, Xavier Baixeras, Manuel Vidal Villaverde, Marga do Val, Méndez Ferrín, Alfonso Pexegueiro, Xabier Paz, Fran Alonso, Mónica Bar, Antonio García Teixeiro, Concha Casabella, Cristal Méndez, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xela Arias. Xela Arias, daquela e hoxe, na memoria ferida, contra a burla negra.

Xela en 1972, no vigués Parque do Castro

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO: Poeta, narrador, crítico literario e autor de literatura para crianzas. Dedícase ademais á realización de poesía visual e obxectual. Como crítico ocúpase preferentemente da poesía galega contemporánea.

Mácula branca

YOLANDA CASTAÑO

Non era xusto, non,
amar unha parte de ti e abrilas todas.

Lúcida e amante abrazaches a metralla
pero nós queriamos máis. Nós,
queriamos máis.
Algo máis de dente de león e corazón aberto,
abondo, un pouco máis dos teus miradores valentes
coma manchas no lenzol resplandecentes e sabias.

Se inmaculan o teu paso
nada haberá que se desdiga con máis peso.
Non era xusto amar unha parte de ti e abrilas todas,
pero abrazamos o teu calor metal franco, sen cerimonia.

Pois que a de quen comprende non é palabra feliz,
inmacularante talvez, pero ti
xa eras necesaria.

YOLANDA CASTAÑO: Filóloga de formación, é escritora, crítica literaria e xestora cultural. Guionista e presentadora de televisión, é a directora de Residencia Literaria 1863 e de Poetas di(n)versos. Autora de *Xela quixo ser ela. Biografía de Xela Arias* (Xerais 2021).

A poesía á intemperie

MARÍA XESÚS NOGUEIRA PEREIRA



Edición en Xerais da Poesía reunida de Xela Arias, en edición de María Xesús Nogueira

En xuño de 2003 saía do prelo *Intempériome*, o cuarto libro de poemas de Xela Arias. Transcorreran sete anos desde a publicación de *Darío a diario* e na vida da escritora producíranse algunhas mudanzas. O rescaldo das mobilizacións de Nunca Máis, nas que tivera unha grande implicación, estaba aínda vivo e as rúas enchéranse novamente de voces –tamén a súa– que se erguían contra a guerra de Iraq. O novo libro aparecía nun selo editorial diferente ao dos anteriores, Espiral Maior, cunha capa elixida por ela mesma e un deseño que xogaba coa idea do título encargado ao seu irmán Lois.

Tres meses despois –o 10 de setembro– Xela Arias era entrevistada por Ana Romaní no Diario Cultural. No transcurso do que posibelmente fosen as súas últimas declaracións públicas, resumía a función da poesía nunha fórmula que, andando o tempo, había ser reiteradamente citada en aproximacións á súa obra: indagar e cuestionar a orde das cousas. No fío da conversa, a autora explicaba, ademais da escolla da capa, o significado simbólico do título e a relación da estrutura do libro cunha crise interna e coas aprendizaxes derivadas desta. Aludía tamén, cando a xornalista lle preguntada pola xénese da obra, á existencia previa do poema que abre o libro, "Íspeme o idioma e sábemo suando en sida", que recitou en espectáculos poético–musicais, así como ao feito de que algúns textos e a estrutura da obra foran concibidas había algún tempo. O pormenor da información achegada pola escritora na única entrevista sobre *Intempériome*, concedida ademais uns meses antes do seu falecemento, confírelle a esta un innegábel valor testemuñal.

Alén da referencia á exposición á intemperie á que se somete a escritura, o título anticipa un trazo que non resultaba estraño a quen estivese familiarizado coa poética da autora, por máis que nesta ocasión o levase ao estremo. Trátase da tensión da linguaxe, a transgresión das súas regras morfolóxicas e sintácticas, a ruptura e mesmo a recomposición libérrima:

> Me
> diocratízaste
> me.

O aparente desequilibrio entre unha primeira sección, "E así que se me din que agarda", cun único poema longo, e dúas, "Corazón cuestión" e "Vencerse é cousa de se tratar", con quince textos breves ou hiperbreves cada unha delas, agocha unha arquitectura sólida, baseada na diferenciación entre un texto expositivo e unha serie de composicións concibidas a xeito de sentenzas.

No mencionado poema longo que abre o libro, a voz *elixe* unha identidade marxinal, dobremente marcada pola negritude e pola sida:

> A miña querida sida,
> veleno que me inoculo cada dia como pregaria
> ou forma
> de Non deixar de me entender castigada
> dalgunha lei.
>
> A miña lei de me nacer así tan negra por elección.

O discurso imprégnase en ocasións de narratividade para confrontar esta marxe –"negra, negra asombrada fanática africana– coa orde representada polos "vosos fogares / asolagados de compromisos, tan antigos". A reiteración dunha segunda persoa, de singular ou de plural, a miúdo interpelada pola voz poética, é unha constante que confire tensión aos versos: "Atende, mírame", "séntateme a carón e cuspe comigo restos". O texto visibiliza ademais un discurso sobre o xénero formulado coa ironía de quen *sabe de sobra* "a carnaza que entre veras así devora así vomita / a poesía".

O ritmo pausado do primeiro poema contrasta co dinamismo e a contundencia das seccións segunda e terceira, onde o *cuestionamento da orde das cousas* queda patente mediante consignas como "vencerse é cousa de se tratar", "sempre hai un gañador, anque perda" ou "nin o social nin o establecido. E non hai xuíz aquí". No desafío que supón para quen le a asimilación de semellantes mensaxes radica a dimensión social dun libro escrito logo de deixar a poesía á intemperie.

Máis arriba referíame á coincidencia da publicación e a presentación da obra co falecemento da autora, que tivo lugar o 1 de novembro de 2003. Tal circunstancia condicionou sen dúbida a súa recepción natural, ao desviar a atención cara ás exequias, homenaxes e lembranzas da escritora. O fatal suceso resignificou tamén a lectura dalgunha das composicións, como é o caso da que comeza co verso "De certo, a vida ía en serio", onde dialoga co poema "No volveré a ser joven", de Jaime Gil de Biedma:

> Xa temos cadáveres amigos
> e coñecidos
> e sabemos da morte o legado inútil.
>
> Pero ¡que ridículo!, ¿non?,
> abraza–lo feito feliz de xa medrar
> –camiñar ás aforas–
> en tempos asepticamente tan alienados.

É precisamente na denuncia da nosa condición de "fillos dun equilibrio trastornado" nuns tempos "asepticamente tan alienados" onde reside a radicalidade do derradeiro libro de Xela Arias no que, fóra de calquera acubillo protector, reivindica o dereito a

> serse intempestiva.
> E domea–la furia á procura
> da froita madura.

MARÍA XESÚS NOGUEIRA PEREIRA: Filóloga, ensaísta e crítica literaria, é profesora na USC. Presidiu a Asociación Galega da Crítica e editou en Xerais a Poesía reunida (1982–2004) de Xela Arias.

Xela Arias, o rock e o Instituto Castelao

MARILAR ALEIXANDRE

Coñecín a Xela Arias no Instituto Castelao de Vigo. Ela estudou no Castelao durante catro cursos, de outubro de 1976 a xullo de 1980, cursando os tres do que daquela se chamaba Bacharelato Unificado Polivalente (BUP), que ía dos 14 aos 17 anos e mais o COU (Curso de Orientación Universitaria). Neste último curso renunciou a examinarse e a seguir estudos universitarios, que iniciaría once anos máis tarde en 1991. O centro mudara de nome dous anos antes –no curso 1974–1975 a proposta miña, que acababa de chegar como catedrática de Ciencias Naturais– de O Calvario (por dicir verdade El Calvario), nome do barrio, para o que houbo que xustificar que Castelao fora profesor de debuxo en Pontevedra. A Xela, por domicilio, correspondíalle outro instituto, mais desexaba estudar nun que fose mixto, como era o Castelao. Eu non lle dei aulas, era e é un centro grande, con catro ou cinco grupos por curso. Un día chamaron por teléfono para que saíra –debido á morte dun tío, considerado na súa casa un terceiro avó– e tocoume ir ao laboratorio de ciencias para avisala; decateime entón de que tiñamos como alumna unha filla de Valentín Arias. En realidade eu, sendo da xeración de 1968 –estritamente, fixen 21 anos o 1 de maio– estaba por idade case no medio do pai, trece anos máis vello ca min, e da filla, quince máis nova.

Escollo o rock como fío condutor desta lembranza ao ser un punto de referencia tanto para Xela, ao explicar o que era a súa poesía e por que estaba fóra das xeracións, como para min. Eu crieime nos 60 nun cocemento de rock, loita clandestina contra o franquismo e salas de cine–club. Ao dicir rock enténdase que é algo máis amplo, incluíndo o folk reivindicativo dos Estados Unidos e o Rhytm and blues, e que debe moito ao programa Caravana de Ángel Álvarez. Logo de rematar bioloxía, unha parte do meu tempo estaba

Volume de homenaxe a Xela Arias (Xerais, 2004), coordinado por Valentín Arias

dedicada a repartir panfletos de madrugada en Induyco, ou cruzar coches no medio da calzada en Vallecas os días de manifestación, outra parte a acudir a concertos. En agosto de 1970, logo dunha viaxe en auto–stop, asistín ao mítico Festival da Illa de Wight, onde puiden escoitar aos Doors –un dos meus grupos máis amados–, Jimi Hendrix, que morrería o mes seguinte, Joni Mitchell ou os Who. Tres anos despois encontrábame en Vigo, en plena inmersión para converterme en galega. En Vigo, neses tempos, a presenza do rock era case cero, sobre todo nos ámbitos do galeguismo e da clandestinidade.

En "Paixón de militancia e escuros desertores", o texto publicado en 1989 na revista *Filología Románica*, dunha conferencia na Universidade Complutense de Madrid, Xela Arias discute as tensións entre a escrita en galego, o seu compromiso irrenunciábel, e as dificultades para conectar coa mocidade e coa súa propia xeración: "*os lectores en galego en Galicia son, na súa maior parte, xente de máis de 30 anos, xente que ten un pasado político activo de 'resistencia', digamos*", mentres que a xente moza non se identifica do mesmo modo co galego, porque: "*en Galicia non hai roqueros en galego, e un*

pode escribir en galego a estar máis cerca do imposible lector madrileño degustador de Enemigos que do posible lector galego maior de trinta anos." Xela cita como unha das súas referencias a Lou Reed, ao que eu engadiría Janis Joplin. No mesmo artigo Xela alude a Siniestro Total e aos Resentidos, como representantes no mundo da música desa Galicia caníbal, utilizando o termo de Antón Reixa e os Resentidos en "Fai un sol de carallo". Siniestro Total ten relación co Instituto Castelao, onde estudou Julián Hernández, o seu líder, dous anos máis vello ca Xela. Fun profesora de ciencias de Julián, co que manteño amizade: aínda que non conseguín formar parte dunha banda de rock, deille clase a unha estrela de rock. En Vigo, a finais dos 70 e comezos dos 80 si había relacións entre algúns roqueiros que cantaban en castelán como Julián e poetas que escribían en galego, os do Grupo Rompente, do que formaban parte, ademais de Antón Reixa, Manolo Romón e Alberto Avendaño. En 1991 Xela escribe letras en castelán para un dos grupos de Rythm and blues galegos, Desertores. O mundo do rock e o da poesía en galego non eran compartimentos estanco, ou non de todo.

Talvez ese contexto poida explicar en parte por que, nas tres revistas en galego que existiron no Instituto Castelao a finais dos 70 e comezos dos 80, non apareceron de momento poemas de Xela Arias. As revistas eran *Antimatón* –do grupo de Educación pola paz–, *Ardentía* – da que Ramón Nicolás, agora profesor no centro localizou os tres exemplares publicados no curso 1978–1979 e *Que crus!* Eu tiña todos os exemplares de *Antimatón*, na que apareceu a comezos dos 80 o meu primeiro texto en galego, "Negación da auga", refusando chamar a chuvia "mal tempo"; publicábanse nela así mesmo ilustracións, moi boas por certo, de Carlos Aymerich. Posuía tamén os exemplares de *Que crus!*, das tres a miña favorita, por corresponderse ao espírito irreverente e retranqueiro do rock; o título é unha alusión ao antigo nome Instituto do Calvario, que moita xente seguía utilizando. Porén, logo de demasiadas mudanzas de casa e cidade, incluíndo un rocho asolagado, non os dou localizado neste intre. Creo que, de ter publicado Xela nalgunha das tres revistas, sería *Que crus!* a máis acaída. Polo espírito roqueiro e porque na poesía de Xela –na miña tamén– as referencias son á cor prateada, ou mesmo á cor da barriga das sardiñas, máis que á arxéntea.

Nese mesmo artigo "Paixón de militancia e escuros desertores" Xela pilla a vaca da normativa polos cornos: "*Recoñezo a miña desconfianza natural cara ó institucional e, sen embargo, creo que debemos asumir esta normativa oficial do idioma*", ao tempo que defende a incorporación da fala popular. Na súa longa discusión alude a un feito, que "comeza a facer *detestable* para estes rapaces as clases de galego, e é que dependen da ideoloxía do profesor lingüista para ter que aprendelo. Se hoxe é lusista o seu mestre deberán escribir LL como LH e atender a unha sintaxe particular" (cursivas de Xela). A experiencia á que alude ocorreu no Castelao e, ademais do alumnado desconcertado ao que ela se refire, eu tiven que aturar que o profesor de galego en cuestión criticase uns termos de botánica que eu escribira no encerado, "herba" e "árbore", dicindo que eran con "v" e o primeiro sen "h". Certamente, como lle pedín eu fóra da aula, podería esforzarse en convencer a outros colegas de que desen clase en galego, no canto de criticar a unha das poucas persoas que o facía.

O Castelao era, neses anos, un fervedoiro intelectual. Entre outras persoas, tiven a fortuna de ser profesora –ademais de Julián Hernández– de María Xosé Porteiro (que xunto con Xosé Antonio Perozo estudou o bacharelato nocturno), da profesora Ana Luna, o enxeñeiro Xoán Carlos Nóvoa, da libreira Concha Pájaro Nogueira, das concelleiras Marta Lois (Compostela Aberta), Carme Fouces (BNG) e Mila Castro (PSdG), do escritor Román Raña. Nese tempo estudaba no centro, ademais de Xela, Carmela Silva, presidenta da Deputación de Pontevedra. Entre o profesorado, os escritores Camilo Gonsar, Xabier Baixeras e Ramiro Fonte. Artistas, xente da escrita aos que se une agora Ramón Nicolás. O paso de Xela Arias polo Castelao foi breve mais, como en todas partes, deixou unha pegada de luz.

MARILAR ALEIXANDRE: Poeta, narradora, feminista, profesora ad honorem de didáctica das ciencias na USC, membro da Real Academia Galega.

Darío a diario. “Eras ti en min”

HENRIQUE RABUÑAL

En 1986 lemos *Denuncia do equilibrio* e fixemos unha reseña no suplemento Cataventos[1] de *El Ideal Gallego*. Pareceunos unha poesía complexa, de dixestión difícil. Audaz e experimentalista na forma, edificando un marco simbólico propio, un estilo de seu, abordando os temas eternos da poesía. Tamén lemos despois os *Tigres coma cabalos* (1990), textos en diálogo coas fotografías de Xulio Gil. Unha viaxe pola vida e ás veces pola morte que son erros e vitorias, amor e desamor, vicio e excelencia, palabra e silencio, comprensión e desleixo. Hai unha cidade, un barrio, un bar e unha escritora en guerra co mundo e coa orde, que coñece o sufrimento, que cuestiona moitas formas de cultura, que devala entre a construción e a destrución, que defende a palabra (“só idiomas que araño e non che descifro”).

No conxunto da poesía de Xela Arias, que inclúe catro libros publicados, dous inéditos e un conxunto de textos agrupados por Chus Nogueira na “Poesía dispersa”[2] sobresae non só no plano temático senón tamén no estilístico e formal *Darío a diario* (1996) ao que imos consagrar estas liñas. Libro sincero, íntimo, persoal, que xirando en torno á experiencia da maternidade ten dous inequívocos protagonistas. A nai e o fillo.

Antes de nacer o cativo, a familia facía conxecturas cando as ecografías mostraban un rato pequeniño, o embrión dun ser humano. A maternidade mo-

[1] Nº 113, 29-X-1986.

[2] Textos publicados entre 1982 e 2005, entre outros lugares, en *Dorna* (1982-1987), *Festival da Poesía no Condado* (1983-1991), *Faro de Vigo* (1983-1985), *Festa da Palabra Silenciada* (1987-2001), *Boletín Galego de Literatura* (1994) e en varios libros colectivos. Véxase na *Poesía reunida* (1982-2004) de Xela Airas en ed. de Mª Xesús Pereira Nogueira (Eds. Xerais, 2018).

Xela Arias en 2003. Fotografía de Lois Arias Castaño

difica radicalmente e para sempre a muller que se funde co seu cativo. Implica un feixe de novidades imprevistas, aviva unha ligazón nunca experimentada, fai que a nai se sinta anana diante do deus que acaba de chegar ao mundo. A maternidade é daquela un auténtico privilexio intransferíbel, vivido por unha muller que se nos debuxa a desmán porque de cativa non xogaba ás bonecas nin gustaba dos peluches, non gozaba na cociña e de moza tivo, coma todos e todas, os seus días tolos ou negros.

Trátase dun ser único por moito que nel se representen todos os seres humanos nas súas sucesivas idades como na nai se simbolicen todas as nais. Pero cada nai e cada fillo, coma seres únicos, actúan cos seus códigos, coas súas bandeiras e cos seus ríos.

A vida da nai nos primeiros meses de vida filial está totalmente entregada en labores cotiáns e íntimos, convertida nunha deusa hindú con brazos e brazos –e mans e mans– para satisfacer as necesidades do pícaro e irlle abrindo as portas do mundo. Asistindo á inevitábel sucesión de choros e risos como

anticipo do que será a vida. O libro insire moitos oficios e artefactos propios da primeira etapa vital: os seos maternos, cueiros, biberóns, sonos, roupiñas diminutas, libros e xoguetes.

A autora rexeita a idea da posesión porque pretende que o fillo amado e coidado aprenda non a ser posuído senón a posuírse el a si mesmo dirixindo a orquestra da súa vida "con cabeza e corazón limpo". Como determinamos a vida dos fillos? Que introducimos na súa vida? A autora está disposta a aceptar de bo grao o camiño que escolla Darío, o seu aceno.

Darío pronuncia as primeiras sílabas e dá os primeiros pasos, medita, contempla o mundo, tócao, dubida, proba, convértese na mellor diversión, nun espléndido acicate para combater o pánico, nunha representación do amor maternal total de quen procura ao vástago "o máis exacto carreiro das estrelas".

A nai procura defender o cativo, protexéndoo da mentira e das formas da mesquindade, aspirando a que Darío máis que padecer un mundo que lle sexa imposto poida crear o seu propio universo.

As nais tamén saben que aos fillos lles está reservado un capítulo de sufrimentos, un capítulo de disciplinas que se se rachan –ela sábeo ben por experiencia propia– incrementan o padecemento. Neste punto, a autora procura auxilio porque ve tremer as follas das árbores coa treboada. Por iso afirma:

> e procuro eu o nordés,
> unha brisa.

No ano 2003, cando coincidimos con Xela na publicación *Alma de beiramar*, a escritora publica *Intempériome*. Outro chamamento á rebeldía. Polo camiño moito traballo como tradutora, como editora, como activista do feminismo, do compromiso coa terra, coa paz. Desde aquí achegamos este humilde traballo para homenaxear a unha escritora que sen dúbida quedou e quedará en nós.

HENRIQUE RABUÑAL: Escritor, doutor en Filoloxía Galega pola USC e catedrático no IES Ramón Menéndez Pidal da Coruña.

Xela Arias, tradutora

ALBERTO ÁLVAREZ LUGRÍS,
ANA LUNA ALONSO,
MARÍA REIMÓNDEZ MEILÁN

Xela Arias enceta a súa tarefa tradutora no 1983, cunha selección de textos do poemario de Carlos Oroza *Caballum* (Ediciós do Castro). Pouco despois comeza unha longa e vizosa relación como tradutora coa editorial Xerais, que inclúe títulos como *O gato Gaiado e a andoriña Señá: unha historia de amor* (1986) de Jorge Amado; *Amor de perdición* (1986) de Camilo Castelo Branco (que obtivo o premio «Medalha Premio de Tradução Sociedade de Língua Portuguesa» en 1987); *Cidades fantásticas, Príncipes e Xins da mitoloxía e as lendas árabes* (1986, cotradución con Valentín Arias) de Khairat al–Saleh; *O bosque animado* (1987) de Wenceslao Fernández Flórez; *As bruxas* (1989, cotradución con Lidia Iglesias) de Rohald Dahl.

Dentro da colección «Grandes do noso tempo», da que chegou a ser editora, publica en 1990 *Dublineses* de James Joyce, en colaboración con Débora Ramonde e Rafael Ferradáns; trátase da primeira tradución do nobel irlandés dende os *Anacos do Ulises* traducidos por Pedrayo en 1926. Neste mesmo ano publícase tamén *O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha* (Laracha, Xuntanza, 1990), tradución na que participa Xela Arias. E tamén neste ano comeza a tradución xunto con María Xesús Lameiro dos cinco álbums de banda deseñada da detective *Franka*, de Henk Kuijpers.

No ano 1993 foille concedido o premio Ramón Cabanillas pola súa tradución de *O derradeiro dos mohicanos* de Fenimore Cooper (Xerais). De 2001 son dúas das súas traducións máis populares: *Drácula* de Bram Stoker (Xabarín, Xerais) e *Venus negra* de Angela Carter (As Literatas, Xerais).

Fóra do mundo da edición tradicional en papel, participa nas publicacións dixitais da Biblioteca Virtual Bivir (bivir.com) impulsada pola Asociación de

tradutores galegos (ATG) con *Relatos* da arxentina Gloria Pampillo (2002) e *O spleen de París (pequenos poemas en prosa)* de Charles Baudelaire (2004), que lle valería a concesión póstuma do premio Plácido Castro 2004.

Moitas das traducións ao galego de Xela Arias forman parte da colección de literatura infantil e xuvenil «Xabarín» da editorial Xerais, na que a propia Xela tivo tamén responsabilidades como revisora e editora. Esta colección, creada en 1983, foi fundamental para a difusión da literatura entre a mocidade galega e é unha das iniciativas editoriais galegas á que lle debemos a existencia, na actualidade, dun público adulto consumidor habitual de literatura universal.

A Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI) crea en 2018 o Premio Xela Arias para salientar o seu labor como tradutora. Trátase dun premio de carácter simbólico que recoñece a empresas, entidades ou persoas que destacan pola promoción da tradución ou a interpretación cara a ou desde o galego; ata o momento concedéuselles á tradutora María Alonso Seisdedos, á Facultade de Filoloxía e tradución da Universidade de Vigo e aos cines Númax.

Xela Arias comezou a súa carreira como tradutora de xeito autodidacta, cando en Galicia aínda non existían estes estudos universitarios e no resto do estado eran só un segundo ciclo; era ademais, no político e no social, un momento difícil para a lingua, que se achaba inmersa nun incipiente proceso de normalización e normativización no que a tradución de literatura infantil e xuvenil demostrou ser unha ferramenta imprescindible. Ao igual que na súa faceta como poeta e creadora en xeral, Xela Arias foi sempre consciente nas súas traducións da necesidade de crear un rexistro literario moderno e pulcro que por unha banda permitise reflectir en galego as características das obras orixinais e, pola outra, asegurase a identidade e a madureza a unha lingua e a unha literatura galegas en proceso de construción.

Como tradutora e editora contribuíu de xeito decisivo á profesionalización e modernización da tradución ao longo dos seus vinte anos de dedicación a este labor. Froito do seu compromiso con todas as facetas da tradución e da súa promoción, Xela Arias formou parte do Consello de redacción de *Vicever-*



Unha das traducións de Xela Arias para Edicións Xerais

sa. Revista galega de tradución dende a súa creación en 1995 ata a súa morte en 2003.

O 26 de febreiro de 2021 a Facultade de Floloxía e tradución da Uvigo reivindicou a faceta tradutora de Xela Arias cunha mesa redonda na que participaron o profesor e exdirector de Xerais Manolo Bragado e as tradutoras Lidia Iglesias, Débora Ramonde e Rafael Ferradáns, que colaboraron con Xela en varias traducións.

8 de agosto de 2003

ANTÍA OTERO

Hoxe saímos do Grove con sol e chegamos á Coruña con choiva. A temperatura caeu cinco graos ao pasar Ordes. Papá sacou o aire acondicionado e mamá puxo a chaqueta, pero eu estaba tan emocionada que non sentín cambio ningún. Percorrín cos dedos as marcas dos poemas. Levaba sete escollidos, serían moitos?

Na feira do libro había movemento, foi fermoso ver os postos das librarías cheos de xente, como unha festa. Miguel Anxo Fernán-Vello xa estaba a agardar por nós na entrada da carpa das presentacións. Á beira atopábanse Xela Arias e María do Carme Kruckenberg, e deseguido uniuse Marta Dacosta. Conversamos un anaco e rin moito cando María do Carme me preguntou se me doera facerme o piercing da boca porque a ela tamén lle gustaría poñerse un. Sei que non o fará, pero pola sinceridade e a mirada coa que preguntou poderíase pensar que si.

Despois da de Vigo esta foi a miña segunda presentación. As cadeiras estaban todas cheas e había tamén público de pé polos lados. Todo o tempo sentín que cando me tocase falar non me ía saír a voz. Escoitalas a elas, atender ao discurso, o lugar desde onde recitaban non deixa de iluminarme. Agora mesmo, relampan na miña cabeza os poemas *Da casa onde nacín case non teño recordos* de María do Carme*, Como Ofelia somos brancas* de Marta e *Non me conteño e abato os cormoráns* de Xela*.* Nas intervencións falamos da importancia vital de que se aposte pola edición de poesía, tamén do pracer que nos xera que nesta fornada de Espiral Maior compartamos espazo catro autoras de distintas xeracións. Asinei varios libros. Teño a certeza de que estes primeiros encontros non os vou esquecer nunca.

Xa no bar sentei ao lado de Xela. En baixiño conteille o moito que me impresionaba o seu xeito de recitar, como cada palabra caía e cada silencio collía sentido. O ritmo dun martelo con golpes que si e golpes que non. Ela faloume da furia e da vertixe.

Xela Arias. Fotografía de Xulio Gil

Cando marchabamos preguntoume por que se tiña tantas marcas no meu libro lera tan pouco na presentación. Eu confesei que dos poemas escollidos só lera tres porque sentira nervios e algo de medo. Antes de despedirnos, pediume que nunca deixara de compartir o que tivera pensado, non estaba ben volver con cargas para á casa.

Igual dentro de quince ou vinte anos o dicionario recolle unha palabra que exprese a solidariedade e o cariño entre mulleres, pero Xela xa a puxo en funcionamento.

*Esta entrada non foi escrita o día que se indica. É un falso diario creado dezaoito anos despois para este caderno homenaxe a Xela Arias; pero na súa forma aberta non deixa de ser crónica do acontecido.

ANTÍA OTERO: Formada en Historia da Arte e nas artes vivas, poeta, é codirectora do selo editorial Apiario con Dores Tembrás.

Escultura de Alberto Fernández en homenaxe a Xela Arias na Insua dos Poetas (O Carballiño)

Xela Arias
Poeta e tradutora
Anxo Xoán Rajó Pazó


XELA ARIAS
Darío
a diario
XERAIS


Tigres coma Cabalos
-los dedos nos
p o e m a s
XELA ARIAS
l o r i o s
XULIO GIL
XERAIS


Xela Arias
INTEMPÉRIOME
ESPIRAL MAIOR
POESIA


Intempestiva
Unha biografía (literaria) de Xela Arias
Montse Pena Presas


Emma Pedreira | Laura Romero
XELARIAS
PALABRA A INTEMPERIE


NARRATIVA
Contos eróticos/Elas
Xela Arias, Luisa Castro
Margarita Ledo, M.ª Xosé Queizán
Ana Swarz, Helena Villar
Manuel Guede
XERAIS


Xela Arias
De certo, a vida ía en serio
Selección de textos e as contornas de
MARÍA XESÚS NOGUEIRA PEREIRA
Coro da Lanza 3
CHYN DY PÓLVORV
editora


Libros para compartir
Non te amola!
XELA ARIAS
EDITORIAL GALAXIA
ILUSTRACIÓNS: Luz Beloso

CEX CADERNOS DE ESTUDOS XERAIS

Xa publicados

n.º 1 - «Xosé María Díaz Castro» · E. Mariño Davila, V. Pérez Prieto, A. Blanco Torrado
n.º 2 - «De Galicia a Chiloé. *Chile a la vista de E. Blanco-Amor*» · Luis Pérez Rodríguez
n.º 3 - «Impresións de Emilia Pardo Bazán sobre a Primeira Guerra Mundial» · M. González Prieto e R. Axeitos Valiño
n.º 4 - «Moncho Valcarce: un militante social e político galeguista, un cura atípico, un profeta e un místico cristián» · VV.AA.
n.º 5 - «Evocación e lembranza de Manuel Espiña Gamallo» · VV.AA.
n.º 6 - «Luisa Viqueira Landa: unha heroína republicana» · VV.AA.
n.º 7 - «Oitava de voces para Manuel María» · VV.AA.
n.º 8 - «A longa pósguerra (1936-1953) de Ramón Vilar Ponte» · José-Mª Monterroso Devesa
n.º 9 - «Maruja Mallo: vida e exilio dunha artista universal» · Carlos Novo Cal e Analía Álvarez González
n.º 10 - «Os seis poemas galegos de Federico García Lorca» · Luis Pérez Rodríguez
n.º 11 - «Julio J. Casal e Galiza» · José Mª Monterroso Devesa
n.º 12 - «Filomena Dato Muruais a poeta das Mariñas» · Xesús Torres Regueiro
n.º 13 - «Inaguración da escultura en homenaxe a Emilia Pardo Bazán» · Manuel González Prieto
n.º 14 - «Luís Seoane · Merecida homenaxe a un artista creador polifacético» · José Martínez-Romero Gandos
n.º 15 - «Antonio Fraguas Fraguas - Unha vida, un país» · Clodio González Pérez
n.º 16 - «Significado de Luis Seoane no contexto da cultura galega do século XX» · Xosé Díaz Arias de Castro
n.º 17 - «Ricardo Carvalho Calero... por fim!» · AA.VV
n.º 18 - «Azorín, Noriega Varela e o Coro de Ruada de Ourense» · Emilio Rodríguez Portabales
nº 19 - "A xeración 'Nós'. No centenario da revista" · Victorino Pérez

Colaboran neste número:

RAMÓN NICOLÁS, CARMEN BLANCO, MANUEL BRAGADO, ANA ROMANÍ, XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO, YOLANDA CASTAÑO, MARÍA XESÚS NOGUEIRA PEREIRA, MARILAR ALEIXANDRE, HENRIQUE RABUÑAL, ALBERTO ÁLVAREZ LUGRÍS, ANA LUNA ALONSO, MARÍA REIMÓNDEZ MEILÁN, ANTÍA OTERO

Edita

A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

Colabora

CONCELLO DE SADA